



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Arzúa

ANUNCIO

Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Arzúa.

Logo de aprobar definitivamente o expediente de aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Arzúa, mediante Resolución da Alcaldía núm. 914/2025, de 28 de novembro (expediente TEdC 2021/X999/000011), faise público en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O documento íntegro do Plan estará a disposición dos interesados no seguinte enlace:

https://arzua.gal/wp-content/uploads/2025/12/plan-incendios_arzua.pdf

Contra resolución da Alcaldía, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación.

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo.

Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

En Arzúa, a 10 de decembro de 2025

O alcalde

Asdo:Xoan Xesús Carril Ramos.

2025/8287